



## "PONTEaORIENTAR 2012"

### PonteTRAIL- Orientación deportiva para discapacitados



Dentro do programa "PONTEaORIENTAR 2012" ofrécese ésta innovadora proba de Trail-O, unha modalidade do deporte de Orientación especialmente concebida para persoas con discapacidade.

#### ORGANIZA:

Club MONTAÑEIROS DE PONTEVEDRA-A ROELO

**Data:** Sábado, 16 de xuño

**Hora inicio:** 17,00 H. apertura de recepción  
entrega de tarxetas de control  
18,00 H. saída dos primeiros corredores  
19,00 H. peche da saída  
20,00 H. peche da meta

**Mapa:** CENTRO HISTÓRICO (PONTEVEDRA)  
Escala: 1/2000  
Equidistancia: 5m

**Zona de concentración:** Alameda de Pontevedra

**DESCRIPCIÓN DA PROBA:** No deporte de Orientación o participante ten que facer un percorrido (por bosque, parque, cidade...) que ven sinalado nun mapa que se lle entrega no intre do comezo da carreira. Ten que pasar por tódolos puntos de control indicados no mapa na orde indicada no menor tempo posible.

O-Trail é unha modalidade na que se segue un percorrido por unha pista apta para progresar por ela persoas con mobilidade reducida. O compoñente temporal perde sentido e trátase de que o participante escolla, entre as opcións que se lle ofrecen no terreo, a que corresponde co punto de control sinalado no mapa, e a marque como solución correcta na súa tarxeta de control. Esta modalidade é aberta a todo tipo de deportistas independentemente da súa idade, sexo ou mobilidade física. É moi apreciada, dado o seu compoñente técnico, por orientadores a pé experimentados, que participan nela en igualdade de condicións coas persoas discapacitadas.

**OBXECTIVO:** Seleccionar, correctamente, o maior número de controles

**INSCRIPCIÓNS:** Non se precisa inscrición. Tan só recoller a tarxeta de control a partires das 17:00h e presentarse na saída antes do peche da mesma ás 19:00h.

**PARTICIPACIÓN:** En principio a proba estará aberta unicamente a persoas con discapacidade as cales terán prioridade. En función da disponibilidad de tempo e mapas poderá participar calquera corredor inscrito no PONTEaORIENTAR.

**CERIMONIA DE PREMIACIÓN:** A partires das 20:30 na Alameda. Medallas para os tres primeiros clasificados en categoría masculina e as tres primeiras clasificadas en categoría feminina.

## GUÍA PARA FACELO PERCORRIDO:

1º-Dirixímonos á saída. As saídas non están predefinidas, así que podemos achegarnos de xeito ordeado en calquera intre entre as 18:00 e as 19:00h. Alí entregaránolo mapa, a tarxeta de control e anotaránola hora de saída na tarxeta de control.

2º-Hai un tempo límite de 60' para facelo percorrido. O circuito péchase ás 20:00h.

3º-O circuito transcurre por un itinerario a cabalo dun camiño, pista ou estrada do cal non se pode sair en ningún intre.

4º-Orientámolo mapa coa axúda do compás e dirixímonos polo itinerario sinalado ó primeiro control, indicado no mapa por un círculo e o nº de control.

5º-Chegamos á estaca que marca o punto de decisión ou de visualización. Dende ahí mirámolas tres balizas. Segundo as miramos as balizas nomeanse A, B e C de esquerda a dereita. Interpretámolo mapa e fixámonos nas referencias máis claras. Intentamos situalo punto de decisión para saber desde qué perspectiva estamos ollando as balizas e así poder decidir cal é a correcta.


Neste exemplo hai 4 posibles balizas. Na nosa proba só haberá 3



Exemplo de vista dende o punto de decisión



Mapa orientado con representación das 4 balizas e o punto de decisión



Así se representaría no mapa do orientador




Este terá que orientar o mapa, tratar de situalo punto de decisión para saber cal é a perspectiva dende a que olla as balizas, e así poder indicar cal das balizas A, B, C ou D é a que está no lugar que se sinala co círculo do control 6

**6º- Unha vez tomada a decisión teremos que usala pinza que está colgada da estaca situada no punto de decisión para picar a casiña correspondente da tarxeta de control A, B ou C. Coidaremos de picar no nº e na letra correcta porque non está permitido rectificar.**



Pinzas

A		B		Nombre: Dorsal: Salida: Club: Llegada: Tiempo real: C.C.1 Sgl: Penalización: 	Z		1		Z		1		
1	A	B	B		C	Z	C	Z	1	1	Z	A	1
2	A	B	B		C	Z	C	Z	2	2	Z	A	2
3	A	B	B		C	Z	C	Z	3	3	Z	A	3
4	A	B	B		C	Z	C	Z	4	4	Z	A	4
5	A	B	B		C	Z	C	Z	5	5	Z	A	5
6	A	B	B		C	Z	C	Z	6	6	Z	A	6
7	A	B	B		C	Z	C	Z	7	7	Z	A	7
8	A	B	B		C	Z	C	Z	8	8	Z	A	8
9	A	B	B		C	Z	C	Z	9	9	Z	A	9
10	A	B	B	C	Z	C	Z	10	10	Z	A	10	

Tarxeta de control

**7º-Mirámolo mapa, orientámolo e imos ó seguinte punto de control para realizalo mesmo proceso.**

**8º-Cando cheguemos ó derradeiro control dirixirémonos á meta para que nos anoten o tempo de chegada.**

**9º- Por último pasaremos á zona de control cronometrado. Aquí faranos entrega dun fragmento de mapa onde aparece sinalado únicamente ese control. Daránolo xa orientado. Nese intreponse en funcionamento o cronómetro e pararase cando piquemos coa pinza na nosa tarxeta de control a casiña que consideremos a correcta. Os controladores anotaran na tarxeta de control o tempo empregado na decisión.**

#### **10º-RESULTADOS E PENALIZACIÓNS:**

**-Cada control identificado correctamente, incluído o cronometrado, vale 1 punto.**

**-No control cronometrado unha resposta correcta entre 0 e 60 segundos vale 1 punto.**

**Unha resposta equivocada non puntúa e recibe unha penalización de 60 segundos que son engadidos ó tempo empregado en respostar.**

**Non responder dentro dos 60 segundos non puntúa e recibe unha penalización de 120 segundos.**

**-A igualdade de puntos os competidores clasifican segundo os seus tempos acumulados.**

**-Dous ou máis competidores cos mesmos puntos e o mesmo tempo no seu control cronometrado clasifícanse no mesmo lugar deixando vacante o posto seguinte.**

ENTIDADES COLABORADORAS:



BUEU



MARÍN



VILABOA



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



BRILAT



CASINO MERCANTIL E INDUSTRIAL DE PONTEVEDRA

O NOSO ESPECIAL AGRADECIMENTO ÓS CONCELLOS DE BUEU, MARÍN, VILABOA E PONTEVEDRA, QUE CO SEU APOIO FAN POSIBLE QUE TODO-LOS AFICIONADOS Á ORIENTACIÓN PODAMOS DISFRUTAR DESTE EVENTO.

[www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org)  
[www.concellodemarin.es](http://www.concellodemarin.es)  
[www.vilaboa.org](http://www.vilaboa.org)  
[www.concellopontevedra.es](http://www.concellopontevedra.es)